

# Limite

Revista de Estudios Portugueses y de la Lusofonía

---

Vol. 11.2 / 2017



2017

Revista científica de carácter anual sobre estudios portugueses y lusófonos, promovida por el Área de Filologías Gallega y Portuguesa (UEx) en colaboración con la SEEPLU.  
<http://www.revistalimite.es>

---

#### **CONSEJO DE REDACCIÓN**

**Director** - Juan M. Carrasco González - [direccion@revistalimite.es](mailto:direccion@revistalimite.es)

**Secretaría** - María Luísa Leal / M<sup>a</sup> Jesús Fernández García [secretaria@revistalimite.es](mailto:secretaria@revistalimite.es)

#### **VOCALES**

Carmen M<sup>a</sup> Comino Fernández de Cañete (Universidad de Extremadura)

Christine Zurbach (Universidade de Évora)

Julie M. Dahl (University of Wisconsin-Madison)

Luisa Triás Folch (Universidad de Granada)

M<sup>a</sup> da Conceição Vaz Serra Pontes Cabrita (Universidad de Extremadura)

lolanda Ogando (Universidad de Extremadura)

Salah J. Khan (Universidad de Extremadura)

Teresa Araújo (Universidade de Lisboa)

Teresa Nascimento (Universidade da Madeira)

#### **COMITÉ CIENTÍFICO**

Ana Luísa Vilela (Universidade de Évora)

Ana Maria Martinho (Universidade Nova de Lisboa)

António Apolinário Lourenço (Universidade de Coimbra)

Antonio Sáez Delgado (Universidade de Évora)

Cândido Oliveira Martins (Universidade Católica Portuguesa-Braga)

Cristina Almeida Ribeiro (Universidade de Lisboa)

Dieter Messner (Universität Salzburg)

Gerardo Augusto Lorenzino (Temple University, Philadelphia)

Gilberto Mendonça Teles (Pontifícia Universidade Católica do Rio de Janeiro)

Hélio Alves (Universidade de Évora)

Isabel Leiria (Universidade de Lisboa)

Isabelle Moreels (Universidad de Extremadura)

Ivo Castro (Universidade de Lisboa)

José Augusto Cardoso Bernardes (Universidade de Coimbra)

José Camões (Universidade de Lisboa)

José Muñoz Rivas (Universidad de Extremadura)

Maria Carlota Amaral Paixão Rosa (Universidade Federal do Rio de Janeiro)

M<sup>a</sup> Filomena Candeias Gonçalves (Universidade de Évora)

M<sup>a</sup> da Graça Sardinha (Universidade da Beira Interior)

M<sup>a</sup> Graciete Besse (Université de Paris IV-La Sorbonne)

Maria Helena Araújo Carreira (Université de Paris 8)

Nuno Júdice (Universidade Nova de Lisboa)

Olga García García (Universidad de Extremadura)

Olívia Figueiredo (Universidade do Porto)

Otilia Costa e Sousa (Instituto Politécnico de Lisboa)

Paulo Osório (Universidade da Beira Interior)

Xosé Henrique Costas González (Universidade de Vigo)

Xosé Manuel Dasilva (Universidade de Vigo)

#### **EDICIÓN, SUSCRIPCIÓN E INTERCAMBIO**

Servicio de Publicaciones. Universidad de Extremadura

Plz. Caldereros, 2. C.P. 10071 – Cáceres. Tfno. 927 257 041 / Fax: 927 257 046

<http://www.unex.es/publicaciones> – e-mail: [publicac@unex.es](mailto:publicac@unex.es)

© Universidad de Extremadura y los autores. Todos los derechos reservados.

© Ilustración de la portada: Miguel Alba. Todos los derechos reservados.

Depósito legal: CC-973-09 . I.S.S.N.: 1888-4067

# Limite

Revista de Estudios Portugueses y de la Lusofonía

---

Número 11.2 – 2017

*Lingüística Histórica*

Coord. Juan M. Carrasco González

Raquel Alonso Parada



**Bases de datos y sistemas de categorización donde está incluida la revista:**

ISOC y DICE (Consejo Superior de Investigaciones Científicas), Dialnet, Latindex, CIRC (Clasificación Integrada de Revistas Científicas).



Juan M. Carrasco González, director de la revista, tiene el placer de anunciar que *Limite. Revista de Estudos Portugueses y de la Lusofonía* ha sido aceptada para su indexación en el Emerging Sources Citation Index, la nueva edición de Web of Science. Los contenidos de este índice están siendo evaluados por Thomson Reuters para su inclusión en Science Citation Index Expanded™, Social Sciences Citation Index®, y Arts & Humanities Citation Index®. Web of Science se diferencia de otras bases de datos por la calidad y solidez del contenido que proporciona a los investigadores, autores, editores e instituciones. La inclusión de (Revista) en el Emerging Sources Citation Index pone de manifiesto la dedicación que estamos llevando a cabo para proporcionar a nuestra comunidad científica con los contenidos disponibles más importantes e influyentes

# Limite

Revista de Estudos Portugueses y de la Lusofonía

---

Número 11.2 – 2017 - *Lingüística Histórica*

## SUMARIO / SUMÁRIO

### Lingüística Histórica

- Juan M. Carrasco González y Raquel Alonso Parada** – Introducción:  
Lingüística Histórica 9-11
- Anselmo López Carreira** – Inés de Castro e Pedro Madruga. Dúas  
tentativas de unión entre Galicia e Portugal na baixa Idade Media 13-33
- Francisco Javier Tovar Paz** – Valerio del Bierzo sobre la *Peregrinatio*  
*Egeriae*: Deixis del género literario y sentido de la epístola 35-55
- Ramón Mariño Paz** – Sobre algunhas concomitancias luso-galaicas  
do “Vocabulario de Palavras e Modos de Falar do Minho, e Beira,  
&c.” (1728) de Raphael Bluteau 57-77
- Concepción Álvarez Pousa** – As variedades vianesa e a frieiresa-  
portelá do galego oriental e as súas afinidades co portugués 79-109
- Xosé Henrique Costas González** – Os actuais subsistemas de  
sibilantes nas falas do val do río Ellas ou de Xálima e as  
dificultades para a súa normativización conxunta 111-132

### Varia

- Angélica García-Manso** – Adaptaciones fílmicas de los textos de  
Fernando Pessoa: clave de lectura para *Filme do Desassossego* 135-153
- Isabel Cristina Mateus** –Entre as margens e o centro: Fialho de  
Almeida, um retrato (im)possível 155-172
- Miguel Ángel Buil Pueyo** – Recordando a Fialho de Almeida,  
cuentista y polemista en su 160 aniversario 173-193
- Julie M. Dahl** – Portuguese Memories Made in Spain: How the  
Spanish Television Series *Cuéntame cómo pasó* became *Conta-me  
como foi* 195-214

### Reseñas /recensões

- Raquel Alonso Parada** – Ramón Mariño Paz & Xavier Varela  
Barreiro, *A lingua galega no solpor medieval*. Santiago de  
Compostela, Consello da Cultura Galega, 2016 217-219
- Tânia Regina Teixeira Monteiro** - Hermínia Malcata, *Hoje em Dia*,  
Lisboa, LIDEL, 2016 220-222
- Iolanda Ogando González** - Fernando Albuquerque Costa /  
Elisabete Cruz, *Atividades para Inclusão Digital de Adultos*.  
*Propostas para todos quantos trabalham com adultos em* 223-225

<i>contextos formais, não formais ou informais</i> , Lisboa, Instituto de Educação, Universidade de Lisboa, 2016	
<b>Xosé Manuel Dasilva</b> - Luís de Camões, <i>Os Lusíadas</i> , Sevilla, Editorial Renacimiento, 2016.	<b>226-229</b>
<b>M<sup>a</sup> Jesús Fernández García</b> – Carlos Taibo, <i>Comprender Portugal</i> , Madrid, La Catarata, 2015	<b>229-235</b>
<b>Normas de publicación / Normas de publicação</b>	<b>237-242</b>

# Limite

Revista de Estudos Portugueses y de la Lusofonía

---

Vol. 11.2 – 2017 - *Historical Linguistics*

## SUMMARY

### *Historical Linguistics*

- Juan M. Carrasco González & Raquel Alonso Parada** – Introduction: Historical Linguistics 9-11
- Anselmo López Carreira** – Inés de Castro and Pedro Madruga. Two Attempts at Union between Galicia and Portugal in the Late Middle Ages 13-33
- Francisco Javier Tovar Paz** – Valerio del Bierzo on the *Peregrinatio Egeriae*: Deíxis and Literary Genre and Meaning of the Epistle 35-55
- Ramón Mariño Paz** – Reflections on Luso-Galician Concomitances in “Vocabulário de Palavras e Modos de Falar do Minho, e Beira, &c.” (1728) by Raphael Bluteau 57-77
- Concepción Álvarez Pousa** – Eastern Galician Varieties from Viana and from As Frieiras-As Portelas and Their Similarities with Portuguese 79-109
- Xosé Henrique Costas González** – The Current Subsystems of Sibilant Sounds in the Dialects of the Ellas or Xalima Valley and the Difficulties of a Unified Writing 111-132

### Varia

- Angélica García-Manso** – Film Adaptations of texts by Fernando Pessoa: reading keys for *Filme do Desassossego* 135-153
- Isabel Cristina Mateus** –Between the Margins and the Center: Fialho de Almeida, an (Im)possible Portrait 155-172
- Miguel Ángel Buil Pueyo** – Remembering Fialho de Almeida, Portuguese Story Teller and Polemicist on his 160th Anniversary 173-193
- Julie M. Dahl** – Portuguese Memories Made in Spain: How the Spanish Television Series *Cuéntame cómo pasó* became *Conta-me como foi* 195-214

### Reviews

- Raquel Alonso Parada** – Ramón Mariño Paz & Xavier Varela Barreiro, *A lingua galega no solpor medieval*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2016 217-219
- Tânia Regina Teixeira Monteiro** - Hermínia Malcata, *Hoje em Dia*, Lisboa, LIDEL, 2016 220-222
- Iolanda Ogando González** - Fernando Albuquerque Costa / Elisabete Cruz, *Atividades para Inclusão Digital de Adultos. Propostas para todos quantos trabalham com adultos em*

<i>contextos formais, não formais ou informais</i> , Lisboa, Instituto de Educação, Universidade de Lisboa, 2016	223-225
<b>Xosé Manuel Dasilva</b> - Luís de Camões, <i>Os Lusíadas</i> , Sevilla, Editorial Renacimiento, 2016	226-229
<b>M<sup>a</sup> Jesús Fernández García</b> – Carlos Taibo, <i>Comprender Portugal</i> , Madrid, La Catarata, 2015	229-235
<b>Standards of Publication</b>	237-242



## Inés de Castro e Pedro Madruga. Dúas tentativas de unión entre Galicia e Portugal na baixa Idade Media

Anselmo López Carreira  
UNED

alopezc@edu.xunta.es

Data de recepción do artigo: 13-03-2017

Data de aceptación do artigo: 02-11-2017

### Resumo

A partir dunha común orixe prehistórica e dentro dunha historia medieval caracterizada pola proximidade entre Galicia e Portugal, en dous momentos concretos da baixa Idade Media, primeiro en 1369-1386 e logo en 1474-1479, producíronse movementos explícitos tendentes á unión entre ambos reinos.

**Palabras clave:** Alianza anglo-portuguesa – burguesía – duque de Láncaester – Fernando I de Portugal – Fernão Lopes – Froissart – lexitimismo – liñaxe dos Castro – moeda portuguesa – nobreza condal – Pedro López de Ayala – Pedro Madruga – revolución portuguesa – señorío – Xoán Fernández de Andeiro.

### Abstract:

A common prehistoric origin and a shared mediaeval history, characterised by the vicinity between Galicia and Portugal, in two particular moments of the late Middle Ages, first in 1369-1386 and afterwards in 1474-1479, produced explicit movements tending toward unity between both kingdoms.

**Keywords:** Anglo-Portuguese alliance – bourgeoisie – Duke of Lancaster – Ferdinand Lopes – Froissart – Legitimacy – Lineage, Portuguese currency – Condal nobility – Pedro López de Ayala – Pedro Madruga – Portuguese Revolution – Estate – Xoán Fernández de Andeiro.

### Introdución: biografía, mito e historia

A finais do século pasado, sobre todo nos anos noventa, os estudos históricos emprenderon *retornos* (*tournants*) desde os métodos vixentes desde décadas atrás cara a enfoques que

parcialmente estiveran en uso en tempos anteriores, menosprezados nesa altura polo predominio de metodoloxías que se impuxeran con vigor a mediados desa mesma centuria, encamiñadas á análise das estruturas profundas, particularmente económicas e sociolóxicas, preocupadas polas dialécticas a longo prazo e pola acción histórica colectiva.

Metodoloxías que sen dúbida resultaban da aplicación do arsenal epistemolóxico marxista, aínda que tal paternidade quixese en moitos casos ser disimulada, como acontecía, por exemplo, na denominada *École des Annales* por parte dos sucesores de Marc Bloch. Era o sino dos tempos, nunha época de grande efervescencia social protagonizada polo movemento obreiro e as correntes de esquerda, ambiente ao que non podían substraerse os métodos de estudo da sociedade; mais o certo é que o materialismo histórico, coa súa disección en infra e superestruturas, o recoñecemento do factor económico *en última instancia* no devir da historia ou a atribución ao conxunto da sociedade do seu papel coral na evolución da Humanidade, introduciu un novo instrumental do que xa non se pode prescindir. Como diría Georges Duby, «instrumentos que permiten resolver contradicións» (Armas & López 1996: 510).

Mais os *retornos* finiseculares reaccionaban contra o que se sentía como excesiva abstracción da historia, onde o Home, actor básico, se disolvía na multitude, aparentemente movida por resortes que escapaban por completo á súa vontade, ou en procesos que o lector podía percibir como impersonais. No *retorno* o individuo emerxe de entre os modelos abstractos (Goff 1995: 163). E aínda que a historia a fai a especie e o individuo fai a súa biografía, tanto no momento da investigación como, aínda máis, no da exposición e divulgación, a historia esixe non perder de vista o personaxe, para a través del –como afirma, de novo, Duby– «chegar a saber máis sobre a sociedade, da mesma maneira que para estudar a arte se pode partir dun monumento» (1991: 193-194).

Velaquí, xustamente, onde radica o limitado percorrido do *retorno*: elementos da historia clásica, da vella historia, reutilizados agora baixo unha nova perspectiva, coa finalidade de mellor iluminar unha visión de conxunto, e non como específicos obxectivos por si mesmos nin como pezas revoltas de procesos inconexos e, por iso, incomprensibles.

Porque non se pode disimular que o novo enfoque viña da man do *pensamento feble* emanado das ruínas do muro de Berlín, vaticinando o *final da historia* e a obsolescencia dos alcumados *grandes relatos* e, por tanto, dos procesos históricos a longo prazo e da propia dialéctica histórica, substituídos por teses minimalistas. Só había acontecementos (*événements*), sometidos á impredecible lei da indeterminación, e a acción colectiva era substituída pola arbitrariedade individual.

Verdadeiramente era o fin da Historia!

A realidade apresurouse moito, por medio da crise de enormes proporcións en que estamos inmersos, en demostrar que a ameaza era infundada. O paraíso non chegou e a Historia está chamada a continuar o seu curso.

Por fortuna, na adecuación metodolóxica propiciada por aquel revisionismo cultivador de microhistorias que se deu en chamar *historia en migallas* tomaron parte historiadores dotados de probada competencia profesional, dando a luz unha *nova historia* (*nouvelle histoire*), que desde logo non era tan nova na medida en que daba acollida a perspectivas parciais propostas pola *historia evenemencial*, botando man da narración de acontecementos, da biografía de personaxes relevantes, mesmo de fenómenos da natureza, pero si que o era desde o momento en que todas esas pezas non limitaban a si mesmas o horizonte, senón que contribuían á construción dunha imaxe global; ou sexa, a *historia total*.

Jacques le Goff (1995: 159 e 161-163) entende o acontecemento puntual como un condensado de historia, e na vida dun personaxe advirte a «encarnación concreta» dos grandes movementos da historia política, económica, social, cultural, etc.

É no seu contexto xeral, ou sexa nas coordenadas da historia, onde as biografías e acontecementos particulares –ciclos de curta duración– cobran entidade social e se fan comprensibles, ao tempo que dotan de dimensión humana os procesos de longo percorrido, que en si mesmos puideran semellar sobrehumanos.

Polo demais (por se cundise algún temor que cómpara disipar), nos últimos tempos constátase un novo *tournant*, procedente dos ámbitos anglo-saxóns pero en expansión xeneralizada, esta vez revalorizando a longa duración, para «reconciliar así [a historia] co seu rol de ciencia social crítica» (Armitage & Guldi 2015: 318).

Canto vimos de expoñer xustifica o método seguido nestas páxinas, nas que se recorre á biografía, mesmo ao mito, como núcleo arredor do cal se fixan dous procesos históricos, dous momentos de especial atracción política entre Galicia e Portugal na Idade Media. Para sermos exactos, biografías de personaxes mitificados; non exactamente mitos.

De todas formas, cómpre restablecer a importancia dos mitos, dotados de incuestionable valor cultural e de gran utilidade non xa na vertebración dunha sociedade<sup>1</sup>, senón mesmo no procedemento historiográfico, sempre que saibamos colocalos no lugar que corresponde, pois tamén a lenda ten a súa utilidade para o coñecemento dos acontecementos históricos, visto que, a fin de contas, «todos vivimos da ensinanza das fábulas» (Picaud 1982: X-XI), e estando de acordo con Gadamer (como estamos) en que «o tránsito do histórico ao mítico é fluído», posto que o mito «é algo así como unha memoria viva» (1987: 63). Enténdese entón que na *Deificación de Homero* de Arkelaos de Triene, relevo de mármore esculpido no séc. III a.C., existente no British Museum, Mito e Historia aparezan oficiando conxuntamente un sacrificio<sup>2</sup>. Trátase, en fin, de afrontar o fenómeno mítico sen abandonar o *logos* (Mèlich 1987: 11).

Porén, Inés de Castro e Pedro Madruga son figuras rigorosamente históricas, non exactamente mitos. Non son ficticias, «non comprometen a orde do universo» nin acadan «significación cósmica», pois sitúanse lonxe do «mundo das esencias» onde reside o mito (Grimal 1982: 16), pero ambos admiten esa cualificación nun sentido máis extenso, por canto chegaron a adquirir o «valor de prototipo» que lles reserva un lugar excepcional na historia.

De Inés de Castro era mítica xa en vida a súa beleza e esvelteza, que lle valía o apelativo de *colo de garza*, pero foi a súa morte tráxica (asasinada en 1355 por orde de Afonso IV de Portugal) e a truculenta venganza do seu home, o rei Pedro (fillo de Afonso IV)<sup>3</sup>, o que a converteron en personaxe literario, protagonista dun fecundo repertorio. A Pedro Madruga tamén o acompañou o mito en

<sup>1</sup> Lémbranos Gadamer que a historia mítica dun heroe desemboca «na orde común da veneración cultural en que todos se saben unidos» (Gadamer 1987: 34-35).

<sup>2</sup> Debemos esta observación Charles Picaud (1982: p. IX).

<sup>3</sup> Exhumada da súa sepultura anos despois de morta e sentada no trono, Pedro obrigou á aristocracia a recoñecela como raíña bicándolle a man. Os asasinados foron executados.

vida, paradigma do violento cabaleiro feudal, e igualmente a morte, misteriosa, encheu a lenda, ata o extremo de chegar a ser identificado con Cristovo Colón. Detrás de ambas figuras e das correspondentes figuracións subxacen acontecementos históricos dos que o mito é expresión cifrada, que corresponde á historia desvelar.

### **Un pasado compartido por Galicia e Portugal**

Os dous momentos nos que Inés de Castro e Pedro Álvarez foron actores son puntuais resaltes da atracción entre Galicia e Portugal, dentro dunha tendencia continua de duración secular (ou milenaria) na que sería arbitrario establecer data inicial máis que pola pura necesidade de acoutar o tema, posto que o espazo ocupado por Galicia e boa parte de Portugal constituíu unha unidade desde tempos remotos, prehistóricos. A cultura castrexa non tiña por límite o río Miño, como tampouco a provincia romana de Gallaecia, nin o reino suevo nin o altomedieval, sen nada disto desbotar a existencia de trazos particulares a unha beira e á outra do río.

O nacemento do reino de Portugal pode ser tomado como punto de partida aceptable, mais tendo sempre en conta que o feito político da súa separación do conxunto galaico, efectuada ao longo do século XII, non interrompeu a fluidez da relacións a ambas bandas das raias; non só entre os estratos populares, onde a familiaridade persiste ata o presente, senón nin sequera entre as elites aristocráticas, que conservan ao longo de toda a Idade Media un marcado carácter transfronteirizo, sobre todo a nobreza.

No mesmo proceso de nacemento do novo reino é notorio o rol de Fernando Pérez de Traba, pertencente á máis elevada nobreza condal galega (fillo de Pedro Foilaz), casado coa condesa-raíña Tareixa de Portugal, nai de Afonso Henriques. O prof. Humberto Baquero ten reparado na permeabilidade medieval da fronteira galego-portuguesa, un espazo sen discontinuidade demográfica, ao contrario do que se observa nas outras zonas (Baquero 1990: 38).


Mais dentro desta constante caracterizada pola proximidade, nas dúas ocasións en que nos imos deter manifestouse de forma explícita a intención de integración baixo unha mesma coroa.

### **Inés de Castro no seu contexto histórico**

A presenza e trágico final de Inés de Castro en Portugal non obedecía a factores circunstanciais, aínda que nós a descubramos formando parte do séquito de Costanza Manuel cando, en 1340,

acode esta a Portugal para casar co infante Pedro, fillo de Afonso IV, matrimonio do que nacerá o futuro rei –de importancia capital nesta nosa historia– Fernando I. O falecemento de Costanza Manuel (galega tamén ela, por parte de nai) en 1345 deixa libre o camiño para a explícita unión de Inés co infante (talvez xa iniciada previamente), da que nacerán varios fillos, frustrados aspirantes á coroa portuguesa, mais tamén para o asasinato de Inés en 1355.

Inés formaba parte da máis importante liñaxe condal galega, os Castro, con forte implantación en Portugal antes e despois da súa vida e morte, de borrosa datación no inicio, pero de conclusión definitiva nos acontecementos que culminaron coa revolución portuguesa de 1383 e a entronización de Xoán de Avis, fillo tamén el de Pedro e por tanto medio irmán dos fillos de Inés.




O pai de Inés, Pedro Fernández de Castro *o da Guerra*, criárase en Portugal, en contacto directo coa casa real. Sendo logo Adiantado de Galicia polo rei Afonso XI, recusou actuar militarmente contra Afonso IV de Portugal cando este entrou por Galicia e asediou Salvaterra en 1336-37, aducindo precisamente a súa débeda co rei portugués<sup>4</sup>, e xa antes se mostrara igualmente remiso (aquí a crónica non explícita o motivo), cando ese mesmo rei enviara tropas para descercar Badaxoz en contra do castelán<sup>5</sup>.

<sup>4</sup> *Crónica de Afonso XI*, Cap. 184 (en Rosell 1914-1919: t. I).

<sup>5</sup> *Crónica de Afonso XI*, Cap. 166 (en Rosell 1914-1919: t. I).

Tras a morte de Pedro Fernández (1343) a cabeza da liñaxe pasa ao seu primoxénito, Fernando Ruíz de Castro, medio irmán de Inés (a nai del era Isabel Ponce de León e a dela Aldonza Lourenzo de Valadares). El foi o principal e inquebrantable valedor do rei Pedro I de Castela fronte á conspiración aristocrática encabezada por Henrique de Trastámara. Cando o rei foi asasinado en Montiel en 1369 o propio Fernando de Castro estaba alí e caeu preso. Logrou fuxir, pasándose a Portugal, en 1370, durante o cerco de Guimarães, polo que non tivo ocasión de participar persoalmente na efémera intervención de Fernando I de Portugal en Galicia, finalizada pouco antes. Porén, foron os nobres do seu entorno os que impulsaron esa aventura, sen dúbida animada por el, e desde logo polo seu outro medio irmán (irmán enteiro de Inés), Álvaro Pérez de Castro, á sazón conde de Arraiolos e primeiro condestable de Portugal.



En efecto, unha vez morto Pedro I, en Castela foi entronizado Henrique II, mais non puido estender a súa autoridade a Galicia, sólido núcleo petrista. Tamén aquí había, naturalmente, un notable sector trastamarista, formado non só polo episcopado, senón tamén por nobres, como se poría de manifesto na resolución final do conflito, momento en que emerxerá toda unha nobreza de cabaleiros presta a ascender ao cumio da sociedade galega, meta que desde logo acadarán, constituíndo as principais casas nobres do remate da Idade Media galega. Mais de momento o predominio dos Castro e dos seus parciais neutralizaba a esoutra nobreza de segunda fila. En canto ao episcopado, todo el trastamarista, ficaba seriamente advertido polo ostentoso asasinato con que Pedro I se despedira de

Galicia camiño de Inglaterra, en 1366, cando o propio arcebispo e o deán composteláns foron executados por dous nobres galegos co asentimento e contemplación do monarca; o arcebispo en plena rúa e o deán ao pé do altar da Catedral, onde confiara gozar de inmunidade.

### A campaña de Fernando I de Portugal en Galicia

Por iso, inmediatamente despois do asasinato de Pedro I (1369) o rei Fernando I de Portugal, bisneto de Sancho IV de Castela, foi requirido para facerse co dominio do reino de Galicia, realizando unha rápida e triunfal incursión, na que contou coa voluntaria adhesión das poboacións.

O periplo de Fernando I conta con suficientes fontes de información, de natureza diversa. Séguese principalmetne a través da crónica do portugués Fernão Lopes, quen dedica un libro enteiro ao monarca, pero redactada algunhas décadas despois dos feitos. A do castelán Pedro López de Ayala, en cambio, é estritamente contemporánea. A estas dúas pódense engadir a *Crónica Xeral de España* e o *Chronicón Conimbrigense*, moito máis parcas en datos. Infelizmente (porque as crónicas adoitan ser a voz do seu amo) dispoñemos de moi poucos documentos, salvo algunhas breves pero interesantes disposicións das Cortes portuguesas, algún diploma notarial existente nos arquivos da Catedral de Tui e de Ourense e un par de notas incluídas no *Tombo C* da Catedral de Santiago (citadas xa por A. López Ferreiro).

As crónicas proporcionánnos un colorista retrato de Fernando I, asegurando unha que «este Rey era homen muy fermozo e grande casador e monteiro»<sup>6</sup>, e outra que era «ledo e namorado, amador de molheres e achegador a ellas. Avía bem composto corpo e de razoada altura, fremoso em parecer e muito vistoso» (Lopes 1966: 3), calidades que non semellan ser adversas, pero que Oliveira Martins – para quen o monarca, talvez polo seu fracaso, era persoa indolente e inconstante– desmesura con severidade, ata darlle aparencia negativa, asegurando que «era doido por mulheres (...), dava tudo pela caça (...) uma infeliz criatura, mal equilibrada nas suas qualidades e defeitos (...) no fundo, um pobre homem de talento» (Martins 1983: 129-131).

---

<sup>6</sup> “Crónica Geral de Espanha em português” en Basto (1945: 321).



En xuño de 1369, tres meses despois da morte de Pedro I en Montiel,ponse en marcha Fernando I, respondendo ás demandas formuladas desde Galicia polos partidarios da causa lexitimista, asegurándolle «que levantarían voz por elle (...) e que lle darían as villas e o receberían por senhor fazém dolhe dellas menagem» (Lopes 1966: 75). De feito, acompañábano xa desde Portugal algúns nobres galegos, petristas alí residentes, entre os máis destacados Álvaro Pérez de Castro, a quen pertencía en Galicia o señorío da vila de Salvaterra, de grande valor estratéxico, e Nuño Freire de Andrade, mestre da portuguesa Orde de Cristo.

No seu percorrido seguiu dous camiños paralelos, un por mar, cunha armada de doce galeras<sup>7</sup>, pasando por Baiona e talvez por Pontevedra, para rematar na Coruña; o outro por terra, tocando Tui, Salvaterra, Baiona, Redondela, Ribadavia, Ourense, Allariz, Lugo, Padrón, Santiago e, por fin, A Coruña.

Un verdadeiro paseo militar, tal como se desprende das crónicas. Cruzando o Miño «chegou el-Rey a Tui, foi hi mui bem recebido» (Lopes 1966: 86), e así de fácil debeu ser o resto do camiño, porque «os logares se lle derom de seu grado» (Lopes 1966: 85-86), ata o punto de non deixar de sorprenderse cando chegando á Coruña «os da villa o saírom todos a receber», temendo que tal multitude se aproximaba con malas intencións, ata que o tenente da cidade, Xoán Fernández de Andeiro (que neste episodio entra nunha historia de gran proxección), se lle deu a coñecer e o apoderouno da praza amistosamente. Andeiro será representante paradigmático da nobreza galega propulsora da opción atlantista e estaba chamado a desenvolver, movéndose entre Portugal e Inglaterra, un papel protagonista na articulación da alianza anglo-luso-galega que culminará no desembarco do duque de Láncaster en Galicia en 1386.

Como xa se dixo, malia o éxito inicial a presenza de Fernando I en Galicia foi breve. Ante a ofensiva de Henrique II de Trastámara e das Compañías Brancas de Bertrand Duguesclin, a finais dese mesmo ano de 1369, o monarca portugués retornaba a Portugal, reembarcando el na Coruña en tanto que o resto do exército o facía

---

<sup>7</sup> López de Ayala inórmanos na *Crónica del rey don Enrique, segundo de Castilla* das doce galeras apareladas por Fernando I (v. Rosell 1914-1919: t. II, cap. IV), aínda que non temos certeza de que todas elas constituísen a armada enviada a Galicia.

por terra. Só Tui<sup>8</sup> e A Coruña se manterán baixo a súa xurisdición durante uns anos, e Compostela transitoriamente por un tempo indeterminado, desde logo pouco.

Así pois, as disposicións adoptadas por Fernando I con respecto a Galicia (que as fontes transmiten de forma concisa) tiveron polo xeral escasa eficacia, o cal non impide verificar a intención do monarca de ultrapasar o meramente conxuntural, pretendendo establecer lazos duradeiros entre ambos reinos. Fernão Lopes anota a restauración das murallas de Tui, Baiona e outros lugares (obras considerables), porque o rei se propoñía «possuir lomgamente» ditas prazas (Lopes 1966: 87).

Revisten grande interese as iniciativas económicas e políticas. Liberalizouse o tráfico comercial entre Galicia e Portugal, de forma que «todallas cousas deffezas dhuun reino ao outro corriam estomçe pera estes logares, segumdo a cada huum prazia de levar» (Lopes 1966: 82). Con isto, en realidade, sancionábase a tradicional permeabilidade da fronteira galego-portuguesa, onde as disposicións en contra foran e serían transgredidas na práctica.

As vicisitudes da guerra provocaban ou agravaban as dificultades de abastecemento das poboacións, e para palialas, concretamente no caso da Coruña, organizouse o transporte de cereal e viño por vía marítima, mandando «carregar em Lixboa navios de trigo e cevada e vinhos, que levassem todo a aquelle logar para seer basteçido» (Lopes 1966: 87).

De maneira especial sorprenden as medidas adoptadas en materia monetaria, pola incuestionable determinación política que expresan e polos importantes efectos que produciron, sobre todo tendo en conta a corta duración da intervención portuguesa. Para estender por Galicia a moeda portuguesa «mandou fazer moeda de seus sinais douro e prata, assi (...) na Crunha e em Tuy» (Lopes 1966: 81). Trátase de torneses, barbudas e pilartes de vellón, prata e ouro cuñados nesas cidades, co nome do rei e as armas de Portugal, moedas homónimas das portuguesas, pero de menor lei; nun medio tornés de vellón represéntase tamén a Torre de Hércules xunto coas letras CRU [Cruña] (v. Paz 1991: 66-69). Non se trataba só de facer pública manifestación de soberanía, senón tamén de afrontar unha conxuntura de inflación, para que «as cousas tornassem a seus

---

<sup>8</sup> Tomada pola forza por Henrique II en 1372 segundo López de Ayala (v. Rosell 1915-1919: t. II, 1372, cap. I).

razoados preços» mediante a sinalada devaluación, consistente en rebaixar a proporción de metal nobre («assi corregeo as outras moedas ... de Tuy e da Crunha» (Lopes 1966: 149-150)).

A moeda portuguesa circulaba xa profusamente por Galicia antes destes acontecementos<sup>9</sup>, pero a cantidade da agora emitida por Fernando I foi sen dúbida considerable, pois obrigou ás Cortes de Lisboa de 1371 a ampliar o prazo para o seu cambio pola de curso corrente en Portugal (Marques & Días 1990: 31). En Galicia as barbudas seguiron sendo de uso común varios anos despois da retirada portuguesa<sup>10</sup>.

O contido socio-político subxacente non só neste episodio, senón mesmo na conflitividade xeral en que se enmarca (referímonos á guerra trastamarista e incluso á dos Cen Anos) asoma tamén nesta ocasión, nas crónicas e nalgún outro documento, de maneira apenas insinuada, pero dabondo clara, sacando á luz precisamente os indicios que revelan o papel desempeñado pola burguesía urbana. Segue a ser Fernão Lopes quen nos informa de que, na súa corta estancia en Galicia, Fernando I concedía «grandes privilegios aa çidade d' Ourense e de Santiago e dos outros logares ... damdo grandes offiços», así como de que «dava os beens das igreias e moesteiros ... aas pessoas leigas» (Lopes 1966: 81-82). Privilexios urbanos e limitacións dos señoríos eclesiásticos que con toda probabilidade implicaban a anulación das xurisdicións episcopais sobre as cidades e o reforzamento do poder municipal e do reguengo, obxectivo longamente perseguido polas cidades galegas.

Compréndese entón que estas acollesen a Fernando I de tan boa gana, como tamén que de moi mala gana tivesen que acabar aceptando a Henrique II, favorecedor do señorío episcopal. Ourense foi asaltada polos bretóns trastamaristas, provocándose estragos considerables; en 1373 queixábase o Cabido da perda de documentación «in istes guerris, captionibus, depredacionibus, combustionibus et rapinis»<sup>11</sup>, e aínda en 1380 lembraba un veciño os «destruymentos e roubos que se fezeron en esta vila quando foi entrada por forza et as ditas casas e outras moytas (...) foron

---

<sup>9</sup> Na documentación do Arquivo da Catedral de Ourense aparece a «moeda portuguesa» como medio pago en sesenta e tres contratos entre os anos 1306 e 1359.

<sup>10</sup> Na citada documentación ourensá localízanse entre 1371 e 1376.

<sup>11</sup> Arquivo da Catedral de Ourense, *Esctr.* XIV, 73.

derribadas e derrocadas e astragadas»<sup>12</sup>. Tamén Tui tivo que ser tomada pola forza, en 1372, e entón, por previa disposición das Cortes reunidas en Toro en setembro de 1371, Henrique II resarcía ao bispo Xoán «por vos fazer emienda de todo el daño e mal que vos, el dicho obispo (...) avedes pasado por nuestro servijio (...) de otras compañías que andaban en nuestro deservijio teniendo voz del Rey de Portugal»<sup>13</sup>. A Coruña, abastecida por mar desde Portugal, só pasou a poder do Trastámara tras a definitiva paz de Santarém, en 1373.

Pero o caso máis explícito da implicación urbana atopámolo en Santiago. No verán de 1369 a cidade fora xa recuperada por Henrique II, cando acudiu alí en persoa contra Fernando I, e apresurouse a recoñecerlle ao arcebispo o señorío<sup>14</sup>, pero en 1371 os composteláns estaban en plena rebeldía, en favor do conde Fernando Ruíz de Castro e Fernando I de Portugal, producíndose o episodio recollido con detalle nunha acta capitular datada o 1 de abril dese ano que paga a pena reproducir, polo fondo e pola forma<sup>15</sup>:

Era de mill quatroçentos e nove annos [ano 1371], o primeyro dia dabil, seendo enno thesouro de Santiago (...) coengos (...) para dizeren e rezaren as oras (...) por quanto estava a dita (...) çidade interdita por quanto os do Conçello (...) se alçaran con el rey de Portugal et con dom Fernando de Castro (...), entón chegaron (...) muytos do dito Conçello et disseron aos ditos dean et homes boos que fosen cantar mysas et dizer oras alçadas a portas abertas (...) et os sobre ditos do Conçello a voz de Conçello sarraron logo por de fora as portas do dito thesouro (...) en tal maneyra que os ensarraron enno dito thesouro et en todo o qual dia non les leixaron dar nen aver pan nen viño nen outra vianda nihuna (...). Et estiveron aly por espaço de nove dias (...). Et os vellos e fraços que non podían sayr ouveron de fazer dentro enno dito thesouro aquilo que he nesçesario et se non pode escusar.

O documento recolle con claridade o fondo social latente no movemento político: a nobreza condal galega encabezada polos Castro e a burguesía urbana representada polo Concello apoiando a Coroa portuguesa por un lado, e no contrario o episcopado (neste

---

<sup>12</sup> Id., *Escr.* XIII, 21.

<sup>13</sup> Arquivo da Catedral de Tui, *Pergamiños*, 2/17.

<sup>14</sup> Arquivo da Catedral de Santiago, *Tombo C-2*, 336v.

<sup>15</sup> *Ibid.*, 341.

caso concreto o arcebispo Rodrigo de Moscoso), no sector partidario da nova dinastía Trastámara.

As ambiciosas disposicións de Fernando I non tiveron tempo para consolidarse. Certo que a restauración de murallas foi obra duradeira e, como xa se dixo, as barbudas seguiron circulando polo menos ata o ano 1376, pero en canto Henrique II acudiu a Galicia con «todollos Bertoões» o portugués non ousou presentar batalla e retirouse, pois «estava dessegurado» (Lopes 1966: 90).

Fernando I non voltou a Galicia. Dabondo tiña con defender o seu reino da incursión de Henrique II, que perseguíndoo ocupoulle Braga e puxo cerco infrutuosamente a Guimarães, momento no que tivo lugar a fuxida de Fernando Ruíz de Castro, de importantes consecuencias, pois propiciará unha aínda longa resistencia galega contra os Trastámara, non só nos citados acontecementos de Compostela, senón, bastante despois, na intervención inglesa no conflito. Polo de pronto, ao ano seguinte, en 1370, Fernando de Castro retornaba a Galicia, onde mantiña todo o seu predicamento e «andava muy apoderado» (López de Ayala en Rosell 1914-1919: cap. II). No alzamento antiepiscopal de Compostela o seu nome aparece en lugar prominente; Lugo estaba da súa parte, e Tui e A Coruña seguían recoñecendo ao monarca portugués.

Pero a balanza alterouse axiña. En 1371 Henrique II enviou contra o conde os seus adiantados de Galicia e de Castela, que o derrotaron no Porto de Bois, preto de Melide (Lopes 1966: 106), obrigándoo a retirarse, esta vez para sempre. Ese mesmo ano, no mes de marzo, asinábase a paz de Alcoutim entre Castela e Portugal, coa explícita renuncia de Fernando I a toda pretensión sobre Galicia e o seu compromiso (moi adiado) de expulsar de Portugal aos nobres petristas. Mostrouse remiso a cumprir isto, de maneira que Fernando Ruíz de Castro permanecía no seu reino en 1372, e non marchará, por fin, ata o ano seguinte (López de Ayala en Rosell 1914-1919: cap. VIII).

En 1373 asinábase a definitiva paz de Santarem, recoñecendo entón A Coruña ao Trastámara. Era o punto final da intervención de Fernando I en Galicia. En 1376 Fernando de Castro falecía na Baiona de Aquitania, baixo soberanía inglesa, ameazada nesas datas polo amago de ataque de Henrique II (Gaix 1899: 68).

Xa estaba en marcha o segundo capítulo da mesma historia. Mais para que se realizase faltaba aínda un decenio, e daquela a implicación portuguesa foi secundaria.

### **O duque de Láncaster en Galicia**

Cando en 1373 Fernando de Castro abandonou Portugal, nun longo periplo marítimo que o levou por Granada e Valencia, acadou as posesións inglesas de Aquitania. As esperanzas de evitar a consolidación dos Trastámara trasladáranse a Xoán de Gante, duque de Láncaster, fillo do rei Eduardo III de Inglaterra, cuxa lexitimidade para reclamar os reinos da Coroa de Castela residía no seu matrimonio con Costanza, filla do defunto Pedro I. O duque e a súa esposa recolleron a oferta e o Parlamento inglés dotounos axiña de medios, pois a manobra inseríase no contexto xeral da Guerra dos Cen Anos, na que Castela era aliada de Francia.

Cando a expedición inglesa se produza, xa o papel prominente que os membros da alta nobreza condal galega ostentaran na historia política de Portugal estará liquidado, por efecto da revolución portuguesa de 1383. Xoán Fernández de Andeiro foi o artífice da alianza anglo-portuguesa e, polo tanto, dos acontecementos que agora se poñían en marcha, pero precisamente o seu asasinato a mans de Xoán de Avís sinala o desencadeamento da revolución. En canto a Álvaro Pérez de Castro (Condestable de Portugal), morría en 1384 defendendo Lisboa contra os casteláns de Xoán I de Trastámara (pretendente á coroa portuguesa), mais sospeitábase del con razón que tampouco era fiel á nacente dinastía de Avís, pois comprensiblemente (e en coherencia cos precedentes) o seu obxectivo era a entronización do infante Xoán, sobriño seu, fillo de Inés de Castro, medio irmán, por tanto, do mestre de Avís.

A alianza anglo-portuguesa tecérase bastante tempo atrás, como xa temos indicado. En xaneiro de 1372 o *Council* inglés outorgaba o seu beneplácito (Russell 1955: 179) e en xuño dese ano asinábase un tratado específico para o caso (Russell 1942-1943: 361). O propio Fernando Ruíz de Castro a puxera en marcha, e a expedición militar contra o Trastámara (daquela aínda Henrique II) parecía ter comezado en 1376, cando falece o conde. Descoñecemos a incidencia deste acontecemento no atraso de dez anos que se produciu, no que en todo caso foi decisiva a marcha da Guerra dos Cen Anos.

A revolución portuguesa de 1383, coa entronización de Xoán de Avís e a eliminación da influencia da nobreza galega en Portugal, fixo variar por completo a situación, pero a alianza anglo-portuguesa afianzouse, debido en boa medida á persistente aspiración do monarca castelán Xoán I (sucesor de Henrique II) a facerse coa coroa portuguesa (estaba casado con Beatriz, filla e sucesora de Fernando I, e era apoiado por boa parte da aristocracia portuguesa), do que só será disuadido pola derrota militar de Aljubarrota, en 1385.

Aproveitando a crise castelá subseguinte a esa batalla, no verán de 1386 o duque de Láncaester, Xoán de Gante, provisto da lexitimidade que lle outorgaba o matrimonio con Costanza (celebrado en 1371), dos pretrechos fornecidos pola Coroa inglesa, e a benzón do papa romano Urbano VI para combater os cismáticos casteláns (partidarios do pontífice de Aviñón), partía por mar cara a Galicia, acompañado pola súa familia (esposa e fillas), un bo exército (mil cincocentas lanzas e outros tantos arqueiros) (López de Ayala en Rosell 1914-1919: cap. VI) e os atributos de rei «de Castella e de Leom e de Tolledo e de Gallizia» (Lopes 1966: 178). Desembarcou na Pescadería da Coruña o 25 de xullo e acudiu presto a visitar ao Apóstolo en día tan sinalado.

Non interesa o pormenor dos detalles, narrados por Froissart (1867-1877) na súa Crónica, a partir das noticias bastante exactas (salvo na transcripción algo confusa da toponimia) que algún informador lle proporcionaba. O duque posesionouse de Galicia case coa mesma facilidade con que o fixera Fernando I de Portugal. Cónstanos algunha violencia na toma de Ourense<sup>16</sup> e fíxose célebre a de Ribadavia por sir Thomas Percy, tan esaxerada posteriormente no tocante a resistencia e a xudeus. Instalou a súa Corte en Compostela, onde ademais cesou ao ausente arcebispo, seguidor de Clemente VII, papa de Aviñón, e nomeou outro obediente a Roma, do que non temos coñecemento seguro, probablemente Xoán Gutiérrez, antigo deán de Segovia, comprometido coa causa inglesa desde había tempo e home de confianza do duque (Russell 1942-1943: 431).

O que agora ven ao caso é que nada máis desembarcar na Coruña remitiu cartas a Xoán I de Portugal, con quen se reuniu en Bragança para xuntos desencadearen a invasión de Castela. Por

---

<sup>16</sup> Nun foro do ano 1399 indícase que as «casas estaban mal apostadas e danificadas e queymadas e destruydas da viinda que os yngreses feseron a esta çibdade» (ACOu, *Fábrica e Capelas do Santísimo* I, 36).

certo, no tratado subscrito nesa ocasión, o duque cedía a Portugal unha boa franxa de territorio leonés-extremeño que incluía Cáceres (Russell 1942-1943: 440).

Diversos contratemplos (Froissart atribúe moita responsabilidade ao viño do Ribeiro, ao calor e á peste) frustraron a campaña e recomendaron o establecemento de capitulacións. Cuns matrimonios ventaxosos para as súas fillas (Filipa con Xoán de Avís e Caterina con Henrique III, herdeiro de Castela) e unha substancial compensación económica, o duque e a súa muller renunciaban á Coroa de Castela e retornaban a Inglaterra en 1387. A paz será ratificada o ano seguinte na Baiona de Aquitania<sup>17</sup>. Mais antes de partir, infórmanos Pedro López de Ayala (Rosell 1914-1919: cap. VII) de que o duque doou a Xoán I de Portugal (agora xenro seu) o reino de Galicia, que mantiña no seu poder, última e inútil pretensión da unión galego-portuguesa no século XIV, impedida pola inmediata imposición do Trastámara, a definitiva ruína da vella nobreza condal galega anti-trastamarista e a emerxencia doutra nova, fiel á nova dinastía, así como pola imposibilidade dos concellos de opoñérense aos seus reforzados señores, os bispos, todos eles trastamaristas.

Aquela nobreza encabezada polos Castro perdera todo o seu poder. En Portugal morrera o último home forte da liñaxe, Álvaro de Castro, e outros personaxes importantes que no seu día estiveran ao lado de Fernando I non eran agora partidarios de Xoán de Avís, senón máis ben dos fillos de Inés de Castro ou incluso, cando se viu que isto era imposible, de Beatriz (filla de Fernando I), casada precisamente con Xoán I de Castela. En ambos casos temíase a supeditación de Portugal a Castela e, desde logo, o reforzamento do poder da aristocracia portuguesa, todo o cal probablemente explique aquela tallante oposición de Afonso IV ao matrimonio do seu fillo con Inés e o expeditivo asasinato desta. Así, a revolución de 1383 que sentou no trono a Xoán de Avís levouse por diante á nobreza galega asentada en Portugal: Xoán de Andeiro, Lopo Gómez de Lira (que obtivera Valença e Ponte de Lima de Fernando I), Vasco Pérez de Camoens, etc.

Na guerra contra Castela que seguiu á entronización do mestre de Avís (e que culminou en Aljubarrota) inflamouse o patriotismo portugués, que o cronista ilustra con continuos

---

<sup>17</sup> Archivo General de Simancas, Patronato Real, *Tratados con Portugal*, 4030 e *Capitulaciones con Inglaterra*, 4283.



chamamentos aos «verdadeiros portugueses», e os galegos foron vistos como inimigos; o certo era que os que agora interviñan na guerra eran xa declaradamente trastamaristas: o arcebispo de Santiago en persoa «e outras compañías de Galliza com elle» corrían as terras entre Miño e Douro, atacando Braga e Porto (Lopes 1966: LXVIII, CXIX, CXX, CXXI).

Desta forma axitada e catastrófica para a vella nobreza condal galega e para os concellos urbanos clausurábase a máis seria iniciativa baixomedieval de confluencia ou aproximación de Galicia e Portugal.

### **Pedro Álvarez, conde Soutomaior e de Caminha**

Mais no sería a derradeira tentativa nesa dirección. Pasemos por alto o episodio de Xoán García Manrique, arcebispo compostelán, inicialmente trastamarista e logo pasado a Portugal, en 1391, nomeado bispo de Coímbra, onde seguramente está enterrado, na sé vella, que con non ser algo que se deba esquecer, apenas semella ter sobrepasado a dimensión persoal.

Uns cen anos despois de todo o anteriormente narrado, no remate mesmo da Idade Media, topamos co outro personaxe mitificado, Pedro Madruga, e un novo intento de confluencia política con Portugal. Foi máis breve e menos intenso, con apoio social moito máis reducido e ben máis escaso en acontecementos, mais tamén tivo a súa oportunidade de realizarse e desde logo ilustra o estado das mutuas relacións entre Galicia e Portugal.

O conde Pedro Álvarez de Soutomaior pertencía precisamente a unha desas casas promocionadas a raíz do triunfo trastamarista. A súa mitificación estriba por unha parte na percepción que se ten del como paradigma da nobreza baixomedieval, rodeada dunha aureola de violencia e anarquía, idea en boa parte creada xa no seu momento polo Estado autoritario da Idade Moderna e logo consolidada polo romanticismo e o liberalismo decimonónicos. As peripecias militares do conde, contra os irmandiños (en 1469) e contra todos os seus competidores señoriais (condes, cabaleiros, bispos, arcebispo) inclúeno nunha tipoloxía de guerreiro medieval, tan admirable como rexeitable para os que o xulgan na actualidade. Mais o proceso de mitificación (ou polo menos de elevación ao rango do misterioso e sorprendente) coróase coa marabillosa identificación con Cristovo Colón, o cal, lonxe de ter o efecto pretendido, engade un trazo de inverosimilitude á verosímil –dito

sexa de paso e sen ánimo de controversia– nacionalidade galega do navegante. Aínda non tendo acta de defunción e aínda ignorando (como acontece en tantos casos daqueles tempos) onde foi dar o seu corpo, don Pedro Álvarez, conde de Soutomaior por parte do seu medio irmán e de Camiña por parte propia, en 1492 levaba morto varios anos, seguramente seis (Ponte 1986: 108-109)<sup>18</sup>.

Fagamos un apuntamento retrospectivo que axude a comprender a evolución dos acontecementos: en 1468 Henrique IV, malia estar apoiado polas Irmandades de Galicia, víase forzado pola aristocracia rebelde castelá a asinar un pacto denigrante, no lugar dos Toros de Guisando, polo cal negaba a paternidade da súa filla Xoana (*La Beltraneja*) e en consecuencia recoñecía como herdeira do trono á súa medio irmá Isabel. Xoana estaba casada con Afonso V de Portugal e Isabel con Fernando de Aragón, unións que representaban as respectivas opcións políticas non só na súa proxección exterior, senón tamén, como é natural, no interior, pois detrás de cada unha delas aliñábanse diferentes sectores. A posterior retractación de Henrique IV e recoñecemento *in extremis* de Xoana como filla e sucesora non evitou a guerra entre as dúas pretendentes.

En Galicia non nos consta explicitamente o apoio a Xoana por parte dun grupo nutrido e representativo da nobreza (por non falar do episcopado, completamente isabelino). Digamos de paso que carece por tanto de fundamento a opinión de ter sido anti-isabelino o mariscal Pardo de Cela, cuxo fatal enfrontamento cos Reis Católicos se precipitou máis tarde, aínda que efectivamente non podería deixar de observar con apreñión o ascenso dos seus antagonistas no bispado de Mondoñedo (o propio bispo e o cabaleiro Xoán de Viveiro) da man dos Reis Católicos.

Así é que Pedro Álvarez de Soutomaior é o único nobre de quen temos certeza do seu absoluto compromiso coa causa de Xoana e, por conseguinte, de Afonso V de Portugal, no que sen dúbida foi factor determinante a mortal competencia que mantiña co arcebispo Fonseca, principal fautor dos Reis Católicos en Galicia. Durante a guerra que se desata tras a morte de Henrique IV (1474) o

---

<sup>18</sup> Dous documentos do Archivo General de Simancas testemuñan tamén o falecemento: RGS, Leg. 148609, 50 (1486, agosto, 20: mandamento dos Reis Católicos ao fillo de Pedro Álvarez, Álvaro de Soutomaior, conde de Camiña, conminándoo a pagar unha débeda deixada polo seu pai) e RGS, Leg. 148903, 427 (1489, marzo, 20: «sentencia ... que había sido dada en vida del dicho conde [Pedro Álvarez]»).

conde ocupa Tui e Baiona (Pulgar 1780: Segunda Parte, cap. XVIII), e mantén belixerancia activa ata o final do conflito (Paz de Alcaçovas, 1479).

A paz, efectivamente, non supuxo alteración de fronteiras entre a Coroa de Castela e o reino de Portugal, pero nunha primeira fase da guerra, no ano 1475, cando a posición portuguesa era aínda o suficientemente consistente pero as perspectivas dun triunfo rotundo escasas, Afonso V, animado polo dominio que Pedro Álvarez mantiña sobre Galicia (cando menos sobre unha boa parte), coidaba estar en condicións de propoñer aos Reis Católicos unha paz na que a cambio da renuncia a toda pretensión sobre Castela se lle recoñecese a xurisdición sobre o reino de Galicia, que se uniría ao de Portugal (Pulgar 1780: Segunda Parte, cap. XXVI).

Evidentemente isto non aconteceu. Conscientes da incapacidade do portugués para resolver a situación e do seu progresivo desgaste, así como tamén da fráxil posición de Pedro Álvarez, que loitaba en solitario contra adversarios moi poderosos (o arcebispo de Santiago e o conde de Benavente, entre outros), os Reis Católicos rexeitaron a oferta e acabaron impoñéndose.

A partir dese momento, e co desenvolvemento progresivo das institucións da Monarquía do Antigo Réxime, Galicia fica solidamente incorporada á Coroa, nunha dependencia política soldada tanto polos instrumentos administrativos introducidos desde fóra como polo control que no interior exercerá a alta xerarquía eclesiástica e a fidalguía intermediaria, ambas intimamente integradas no novo esquema político.

A evolución sociolingüística do país ao longo do secular proceso que acabamos de expoñer, e desde a súa conclusión en adiante, proporciona ao historiador un valioso indicador de transparencia imposible de ignorar.

## Bibliografía

- Armas & López (1996): X. Armas Castro & A. López Carreira, "Entrevista a Georges Duby", *Grial*, 132, pp. 503-512.
- Armitage & Guldi (2015): D. Armitage & J. Guldi, "Le retour de la longue durée: une perspective anglo-américaine", *Annales. Economies, sociétés, civilisations*, 2, pp. 289-318.

- Baquero (1990): H. Baquero Moreno, "Relações entre Portugal e a Galiza nos séculos XIV e XV", *Revista da Faculdade de Letras*, 7, pp. 35-45.
- Basto (1945): A. de Magalhães Basto, *Crónica de Cinco Reis de Portugal*, Porto, Livraria Civilização.
- Duby (1991): G. Duby, *L'histoire continue*, Paris, Odile Jacob.
- Froissart (1867-1877): J. Froissart, *Oeuvres de Froissart. Chroniques*, ed. de Kervyn de Lettenhove, Osnabrück.
- Gadamer (1987): H.-G. Gadamer, *Mito y razón*, Barcelona, Paidós.
- Gaix (1899): B. de Gaix, *Histoire militaire de Bayonne*, Bayonne, Lamaignère.
- Goff (1995): J. le Goff, "Les retours dans l'historiographie française actuelle" en C. Barros Guimerans (coord.), *Historia a Debate*, Santiago de Compostela, vol. III, pp. 157-165.
- Grimal (1982): P. Grimal, *Diccionario de mitología griega y romana*. Barcelona: Paidós.
- Lopes (1966): F. Lopes, *Crónica do senhor Dom Fernando, nono rei destes regnos*, Porto, Livraria Civilização.
- Marques & Dias (1990): A. H. Oliveira Marques & N. J. Pizarro Pinto Dias, *Cortes Portuguesas. Reinado de D. Fernando (1367-1383)*, Lisboa, Universidade Nova de Lisboa.
- Martins (1983): J. P. de Oliveira Martins, *História de Portugal*, Lisboa, Guimaraes.
- Mèlich (1987): J.-C. Mèlich, "Prólogo" en H.-G. Gadamer, *Mito y razón*, Barcelona, Paidós.
- Paz (1991): J. Paz Bernardo, *Las monedas acuñadas en Galicia*, Barcelona, Filabo S.A.
- Picaud (1982): C. Picaud, "Prefacio" en P. Grimal, *Diccionario de mitología griega y romana*, Barcelona, Paidós, pp. IX-XII.
- Ponte (1986): Vasco da Ponte, *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia*, ed. de M. C. Díaz y Díaz, J. García de Oro y otros, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- Pulgar (1780): Hernando del Pulgar, *Crónica de los señores Reyes Católicos don Fernando y doña Isabel*, Valencia, Imprenta de Benito Monfort [escrita en 1482, 1ª ed. Valladolid, 1565].

Rosell (1914-1919): C. Rosell, *Crónicas de los reyes de Castilla*, Madrid, Biblioteca de Autores Españoles.

Russell (1942-1943): P. E. Russell, "Juan Fernández de Andeiro en la Corte de Juan de Láncaster (1371-1381)", *BRAC*, t. 23, pp. 359-375.

Russell (1955): P. E. Russell, *The english intervention in Spain and Portugal in the time of Edward III and Richard II*, Oxford, At the Clarendon Press.